

# ACTA DE CONSTITUCIÓN, DE DATA 2/03/2015, DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL XARDIÑEIRO DO CONCELLO D3E PONTEVEDRA INCLUIDA NA OEP DO ANO 2010

## PRIMEIRA REUNIÓN (CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL)

En Pontevedra, a 2 de marzo de dous mil quince sendo as 11:00 horas, reúnese na Sala de Xuntas do Concello, o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza vacante de oficial xardiñeiro polo sistema de concurso-oposición, baixo a presidencia de dona Rosa Magdalena Fernandez ,Arquitecta municipal da OTAPI, e coa asistencia dos vogais don Luis Costa Ferrer, Arquitecto Técnico da OTAP, don Manuel Cancela Outeda, mestre xardiñeiro, xefe da unidade operativa, , don Juan Carlos Peón Justo, oficial albanel, e actuando como secretaria dona Marta de las Heras Rodriguez, Xefa do Servizo de contratación, que dá fe do acto.

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.-** Examinadas as bases e a convocatoria e vista a resolución do Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal e Réxime Interior, de día 12/02/2015 pola que se declara a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e determinan as datas para a constitución do tribunal e inicio do primeiro exercicio da fase de oposición o presidente declara validamente constituído o tribunal.

O tribunal establece, como tramite previo a efectuar a valoración dos meritos alegados , que de acordo coas bases reguladoras so valoraranse os meritos alegados e xustificados polos aspirantes e que en caso de dúbida sobre a adscripción dun opositor aunha brigada e un posto en concreto , o Tribunal poderá solicitar informe aos Servizos técnicos responsables das brigadas para aclarar os extremos necesarios para poder valorar a experiencia profesional.

## FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACHEGADOS POLOS ASPIRANTES

O tribunal cualificador procedeu a examinar, en primeiro término, a documentación presentada o día 10/02/2014 na delegación do Goberno en Pontevedra (núm.2014005024 do Rexistro de entrada do Concello de Pontevedra) por don Antonio Dopazo Sobreira; así como a presentada o 30/01/2014 na Subdelegación do Goberno por don Ernesto Pereira Ferrer( Rexistro de entrada no Concello de Pontevedra) e por ultimo a presentada por don Juan Jose Souto Acuña o 10/02/2014 no citado rexistro e co nº de entrada no Rexistro municipal 2014005019.

A vista da documentación aportada e da que costa no expediente o Tribunal tendo en conta as Bases reguladoras da fase do concurso procede a baremar os méritos dos aspirantes de acordo có baremo establecido na base 5.2 das bases da convocatoria. Finalizada a valoración dos méritos o resultado foi o seguinte:

NOMBRE	APELLIDOS	F.ACADEMICA	F.PRPFESIONAL	EXP.PROFESIONAL.	TOTAL
CARMELO	EIRAS BRAGAÑA		2	6	8
EULOGIO	COLLAZO PADIN	1,25	2	6	9,25
JORGE	SABARIS CASTIÑEIRA		0,8	3,5	4,3

EXPOSICIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NA FASE DE CONCURSO.- O tribunal cualificador, en cumprimento do disposto na base 10 da convocatoria, dispón que se expoñan as puntuacións outorgadas mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra.

Ás 12:00 horas a presidenta da por rematada a primeira sesión, convocando ao tribunal para a próxima reunión o día 5 de marzo de 2015, para a realización do primeiro exercizo tipo test, de todo o que eu secretaria dou fe.

